

Acta da Sesión Ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade

LISTA DE ASISTENTES

Javier Abuín Penas
Ana María Amorós Pons
Vicente Badenes Pla
Juan Manuel Corbacho Valencia
Alberto Dafonte Gómez
Ana Belén Fernández Souto
Julia Fontenla Pedreira
Oswaldo García Crespo
Silvia García Mirón
Beatriz Legerén Lago
Carmen López de Aguilera Clemente
Luis Xabier Martínez Rolán
Paulino Pérez Feijoo
Fortunato Rodríguez Fernández
José Octavio Rodríguez Nieto
José Rúas Araújo
Emma Torres Romay

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Miguel Anxo Fernández Fernández , Andrés Fraga Pérez, José Manuel López Fernández, Carmen Máiz Bar, María Isabel Martínez Martínez, María Isabel Míguez González, Julinda Molares Cardoso, Alberto Pena, Román Pereiro Rodríguez-Lepina, Ana María Iglesias Álvarez.

que tivo lugar o xoves 20 de outubro de 2022, na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación, ás 13:15 horas en primeira convocatoria e ás 13.45 horas en segunda coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria de 7 de setembro de 2022.

O profesor Alberto Pena, solicita sexa incluído entre os presentes na acta desta sesión, xa que estivo presente, e esqueceuse de asinar o documento, varios compañeiros o poden testemuñar.

Apróbase por asentimento

2.- Informe do director.

Felicitar a Alberto Dafonte e Diana Ramahi polas súas prazas. Así mesmo felicítase aos profesores, Silvia García Mirón, Oswaldo García Crespo, Luis Xabier Martínez Rolán e Beatriz Legerén Lago, que defenderán as súas prazas nos vindeiros días.

A continuación, o director informa do orzamento co que contará o departamento o vindeiro ano, 2023.

Orzamento total = 6469,02 euros

- 4969,02 material subministrados e outros,
 - 500 atencións protocolarias.
 - 1300 cursos conferencias.
 - 1769,02 outros gastos.
- 1500 (axudas a custos e locomocións e outras indemnizacións)

Así mesmo recorda que o departamento estará aberto á organización de cursos e seminarios, orientados á formación de profesorado. Pola súa parte propón á Profesora da universidade de Valencia Olga Blasco, experta en Metodoloxía, e ao Profesor Miguel Tuñez, que traballa na área de comunicación na Aneca.

Comunica a adxudicación provisional da nova bolsa do departamento. Uxía Seijas Vidal, que poderá empezar a traballar o longo do mes de novembro.

Propón, entre outras tarefas, a de facer un benchmarking con plans de estudos de outras universidades para saber onde hai materias de comunicación noutras titulacións, coa finalidade de facer un informe sobre estas situacións.

Para finalizar informa de que no orzamento actual, queda saldo dispoñible para compra de material inventariable e propónse a compra de mochilas.

3.- Asuntos POD (aprobación de invitacións para cubrir a docencia vacante)

Dende o mes de setembro, cando tivo lugar a última actualización do POD, producíronse cambios tanto na lista de agarda, xa esgotada a día de hoxe, como a renuncia de asociados que obtiveron praza. Todo iso conleva que debamos solicitar invitacións para cubrir a docencia pendente en materias do primeiro cuadrimestre.

- P04-G071204- Teoría e Técnica da Montaxe. Se autoriza invitación para Marta Valverde. Antiga alumna de CAV.
- P04-G190404- Redacción y locución publicitaria. Produciuse a Baixa por maternidade da profesora da lista de agarda. Autorízase invitación para Marisa Ciordia, profesional do medio radiofónico
- P04-G190906- Publicidade, artes gráficas y tipografía a e preciso ampliar a invitación a profesora que a imparte pasando de 35 horas a 70.
- P04-G070702. Posproducción Audiovisual. Materia de 4º curso de CAV do plan de estudos en extinción. Autorízase a invitación para Andrea Alonso, antiga alumna de CAV.
- P04 G071302 Posproducción I Materia de 3º curso de CAV do plan de estudos novo. Proponse a invitación para Ana Argüelles BlancC

No caso de segundo cuadrimestre, e debido as incidencias mencionadas con anterioridade, esgotamento de lista de agarda e renuncia de asociados, temos sen cubrir 367 horas.

P04-G190601- Avaliación da eficacia publicitaria: 150 hrs.

P04-G190401 - Elaboración da mensaxe: 60 hrs.

P04-G190604- Técnicas de relacións publicas: 60 hrs.

P04-G071208 - Expresión Sonora: 90 hrs.

O director informa que, tras negociar con Dirección de profesorado, dannos diferentes opcións.

- Lista de agarda. Ver a posibilidade de que se convoque de novo.
- Banco de horas. Posibilidade de que docentes a tempo completo cubran horas das materias pendentes coa posibilidade de desconto no vindeiro curso.
- Poder sacar unha praza a tempo completo na convocatoria de decembro.
- Xestionar máis invitacións.

Ademais, é preciso ter en conta que a profesora de Creatividade aínda non se pode reincorporar e a invitación xa non se pode alongar por máis tempo, polo que precisamos dunha nova invitación para cubrir a docencia desta materia.

Para finalizar, informa da necesidade de comezar a pensar en sacar prazas a tempo completo con perfís moi definidos. Discútese esta proposta sen chegar a acordo sobre a mesma.

Os profesores solicitan coñecer en detalle como se fai e onde se atopan rexistradas as horas de mais que se impartan.

O profesor Xavier Abuín, solicita sexa enviada por email a situación actual do POD.

4.- Rolda de intervencións.

O profesor Vicente Badenes, solicita a constancia en Acta da listaxe provisional de profesores coa categoría de contratado doutor.


Infórmase que dende o departamento se terá en conta a devandita listaxe, así como a listaxe dos profesores titulares. E que se estará pendente dos criterios que publicará a universidade para a saída das prazas de ambas categorías.

Sen nada mais que tratar, Pechase a sesión as 14:36

Pontevedra 20 de outubro do 2022

O director do deptº




Secretaria do dptº